



# O GALEGUISMO E O NACIONALISMO POLÍTICO DO SÉCULO XXI AO SERVIZO DA CIDADANÍA GALEGA

**Servizo:** s.m. Acción de servir.  
Conxunto de traballos ou operacións que serven para un uso determinado.  
Organización ou persoal destinado a satisfacer as necesidades xerais públicas.

**Servir:** v.i. Ser de utilidade para algo.  
Realizar a función de algo que se expresa.  
Producir algo un determinado efecto.  
v.t. Traballar en favor de algo como unha idea ou causa.



## LIMIAR

Durante o mes de agosto un grupo de alcaldes e alcaldesas, militantes todos e todas do BNG, fixemos un chamado a unha honesta reflexión no seo do nacionalismo sobre o seu presente e o seu porvir, logo das eleccións municipais, que viñeron a confirmar unha tendencia de perda de votos no conxunto da nación.

Parella a esta situación tamén se experimentaron apoios claros e maioritarios en moitos ámbitos municipais, de cuxa experiencia poden tirarse válidas solucións para vellos e novos problemas políticos.

Pretendíamos, co manifesto **“Somos conscientes. Desde os concellos facendo País gran a gran”**, facer unha declaración de compromiso co nacionalismo e co BNG, apostar por abordar e resolver os problemas dende a nosa propia realidade, e sobre todo, lanzar unha mensaxe de ilusión para a gran maioría da sociedade.

Logo das últimas eleccións xerais, onde o alivio por acadar representación non pode tapar a preocupación pola tendencia á perda de apoios, e ás portas dunha decisiva Asemblea Nacional, queremos darlle continuidade a aquel chamado:

- Reafirmando o noso compromiso co BNG e co nacionalismo
- Reclamando aos axentes do nacionalismo xenerosidade, e altura de miras para visualizar o momento histórico.
- Esixindo unha adaptación do proxecto para conquistar a hexemonía política, vocación última do nacionalismo galego.
- Achegando ideas e experiencias que non fracasaron
- Tendendo pontes de irmandade política

Neste desexo fundamentamos algunhas suxestións que coidamos debería incorporar o BNG de cara á vindeira Asemblea Nacional, para avanzar dende a unidade.



## **O GALEGUISMO E O NACIONALISMO POLÍTICO DO SÉCULO XXI AO SERVIZO DA CIDADANÍA GALEGA**

### **1. O GALEGUISMO, O NACIONALISMO POLÍTICO DO SÉCULO XXI, DEBE ESFORZARSE POR REALIZAR UNHA LECTURA ACAÍDA DA REALIDADE DO PAÍS.**

O comportamento social e electoral de Galiza é o propio dun país inserido na realidade europea, mais nunha posición periférica no contexto da Unión Europea e do Estado. O galeguismo, o nacionalismo político do século XXI non pode interpretar a realidade da sociedade galega con parámetros doutro contexto diferente, e con solucións alleas á realidade histórica que nos toca vivir. Debemos encaixar a cultura da emancipación e da soberanía nacional na dialéctica da loita democrática de proxectos.

### **2. O GALEGUISMO, O NACIONALISMO POLÍTICO DO SÉCULO XXI DEBE PRACTICAR A CULTURA POLÍTICA DA AMBICIÓN DEMOCRÁTICA E NON A CULTURA POLÍTICA DA IDEALIZACIÓN FRUSTRANTE.**

Debuxar unha sociedade falsamente “ideal” é tanto como defender un modelo social caduco, inviable e non desexable, ademais de ser unha fonte innecesaria de frustracións cando se deben exercer responsabilidades de goberno en calquera institución. As nosas posicións de máximos poden sinalar un horizonte pero nunca deben condicionar o presente e o día a día.

### **3. O GALEGUISMO, O NACIONALISMO POLÍTICO DO SÉCULO XXI, DEBE SER UN PROXECTO CON VOCACIÓN DE GOBERNO.**

Un proxecto para conquistar democraticamente o goberno das institucións e non unicamente para ser a conciencia crítica do pobo. Galiza é unha sociedade madura e plural na que nós, debemos acadar a maioría social a través do convencemento democrático dos seus cidadáns. O nacionalismo debe ter como obxectivo conseguir que unha maioría de galegos e de galegas acredite nas nosas propostas como as mellores e máis útiles para resolver os seus problemas, avanzando e aprofundando na sociedade do benestar.

### **4. O GALEGUISMO, O NACIONALISMO POLÍTICO DO SÉCULO XXI, CONSISTE EN ELEVAR Á CATEGORÍA DE PROXECTO POLÍTICO E COMPROMISO PARTIDARIO, OS SENTIMENTOS DE IDENTIFICACIÓN E DEFENSA DO PAÍS QUE PROFESAN BOA PARTE DOS CIDADÁNS.**

Trátase de contribuír a que os cidadáns asuman posturas de compromiso coa galegitude e que iso teña a súa tradución no apoio político e electoral. Nacimos historicamente a base de exercer o dereito a auto-organizármonos para construír, dende nós mesmos e sen ningunha submisión externa, organizacións políticas propias como expresión do autogoberno cidadán. A auto-organización da sociedade galega é a base fundamental da nosa razón de ser para a concreción do seu proxecto no plano partidario.



##### **5. O GALEGUISMO, O NACIONALISMO POLÍTICO DO SÉCULO XXI, DEBE DEFENDER UN MODELO SOCIAL E ECONÓMICO DE BENESTAR.**

Un modelo baseado na responsabilidade da administración pública de garantir o carácter universal dos servizos para o benestar de xente, onde o papel da iniciativa privada na sociedade moderna, non sexa excluínte ou incompatible coa función reguladora da economía e de salvagarda da solidariedade e da cohesión das institucións democráticas do autogoberno.

##### **6. O GALEGUISMO, O NACIONALISMO POLÍTICO DO SÉCULO XXI, DEBE DEFENDER O SEU PROXECTO COMO FUNDAMENTAL PARA GARANTIR E ACADAR O BENESTAR E A IGUALDADE .**

O nacionalismo asentou tradicionalmente as bases fundamentais do seu proxecto político na defensa da nosa identidade como pobo no plano político, cultural e lingüístico. Dende o mantemento indispensable desa identidade, o noso proxecto , debe presentarse á sociedade como fundamental para garantir e acadar maiores cotas de benestar e igualdade, e para defender as liberdades individuais e colectivas, a través da participación cidadá e do exercicio dos dereitos sociais.

##### **7. O GALEGUISMO, O NACIONALISMO POLÍTICO DO SÉCULO XXI, DEBE DEFENDER O OBXECTIVO ESTRATÉXICO DO RECOÑECIMENTO DE GALIZA COMO NACIÓN DENTRO DUN ESTADO PLURINACIONAL.**

Toda forza política ten a obriga de especificar ante a sociedade, con claridade e sen dobres linguaxes, o seu proxecto estratéxico. O noso proxecto neste século XXI debe perseguir acadar o goberno soberano do noso país e o recoñecemento de Galiza como nación dentro dun estado plurinacional.

##### **8. O GALEGUISMO, O PROXECTO DO NACIONALISMO POLÍTICO DO SÉCULO XXI, DEBE EXECUTARSE A TRAVÉS DUNHA ORGANIZACIÓN POLÍTICA DEMOCRÁTICA, EFICAZ E AO SERVIZO DA CIDADANÍA GALEGA.**

Unha organización que respecte o pluralismo das persoas que a compoñen pero unitaria na súa acción, evitando someterse á presión de grupos internos que amparados na diversidade ideolóxica tenten debilitar a capacidade de actuación política dos órganos e da dirección democraticamente elixida. Unha organización unitaria, cunha dirección respaldada para tomar as decisións que correspondan en tempo, forma e lugar, baixo o convencemento de que é moito máis o que nos une que o que nos separa.

A maiores disto, o BNG debe ser consciente da importante responsabilidade que ten ante a sociedade galega, e polo tanto debe ser o máis permeable posible a esta, sendo conscientes de que a nosa organización política non é un fin en si mesmo, senón un instrumento ao servizo da cidadanía galega, de quen busca a súa confianza.

Santiago de Compostela, 11 de Xaneiro de 2012



## Asinan Alcaldesas e Alcaldes do BNG dos Concellos de:

**A Bola** (Teresa Barge Bello), **A Mezquita** (Rafael Pérez Vázquez), **A Pobra do Brollón** (Xosé Luís Maceira Vilariño), **Arbo** (Xavier Simón), **Arzúa** (Xosé Luís García López), **Bueu** (Félix Juncal Novas), **Castro de Miño** (Xurxo Rodríguez Méndez), **Maceda** (Francisco Xabier Oviedo Rodríguez), **Manzaneda** (David Rodríguez Estévez), **Mondoñedo** (Orlando González Cruz), **Monforte** (Severino Rodríguez Díaz), **Rianxo** (Adolfo Muíños Sánchez), **Ribadeo** (Fernando Suárez Barcia), **Salceda de Caselas** (Marcos Besada Pérez), **Teo** (Martíño Noriega Sánchez), **Tomiño** (Sandra González Álvarez), **Vilar de Santos** (Xoán Xosé Jardón Pedras), **Vimianzo** (Manuel Antelo Pazos), **Zas** (Manuel Muíño Espasandín).